

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN MÚSICA

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

Docente: Marta Díaz Álvarez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese e esforzo por mellorar.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando

e doutras culturas.

interpreta danzas.

2. Avaliación e cualificación

Cualificación final	O procedemento a seguir consistirá en que a nota do terceiro trimestre estableceráse en base á da segunda avaliación, engadindo que a realización das actividades propostas para esta última sempre contarán en beneficio do alumnado (subirá 1 punto). Isto é: se o alumno/a ten, por exemplo, un 8 na segunda avaliación e fai as tarefas, subirá a un 9 na terceira; de non facer nada, a súa cualificación manterase.
----------------------------	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	As actividades a desempeñar estarán relacionadas con exercicios de investigación, de escoita activa, de interpretación musical e de coordinación e danzas. Estarán destinadas a repasar e reforzar os contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, non a ampliar materia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	A metodoloxía consistirá en subir ás plataformas (aula virtual e EDIXGAL) as actividades, e así o alumnado, ao realízalas, poida ou ben entregalas na mesma rede ou ben envíalas a un correo proporcionado pola docente. Por outra banda, a aqueles que non teñan conectividade a internet facilitarase o material en papel.
Materiais e recursos	No tratante aos recursos podemos engadir os seguintes: recursos materiais (obxectos e utensilios), materiais audiovisuais (ordenador, televisión, vídeo...), medios informáticos, instrumentos musicais, audicións...

Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Para informar ao alumnado, así como ás familias, empregáronse diferentes plataformas nas que mantíñamos o contacto e subíamos as tarefas correspondentes: con 5º e 6º utilizamos EDIXGAL, mentres que no resto dos cursos servímonos da aula virtual do propio centro e do espazo Abalar. Tamén se proporcionou, para os casos nos que se atopen problemas de entrega ou á hora de consultar, un correo de gmail.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.